

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

03/11/2021

16:30 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. Cal destas afirmacións non é correcta?

- a) Os transportistas autónomos traballan maioritariamente para empresas máis grandes.
- b) As empresas grandes adoitan usar a subcontratación doutras de menor dimensión para complementar a súa capacidade de carga.
- c) Unha boa xestión comercial diminúe os ingresos por vehículo e por quilómetro percorrido, reducindo os percorridos en baleiro.
- d) A capacidade comercial é decisiva para a rendibilidade da empresa de transporte, dada a súa influencia sobre a produtividade.

2. Nunha empresa de transporte de mercadorías, arquivar a documentación da empresa é función propia do:

- a) administrativo.
- b) condutor.
- c) comercial.
- d) xerente.

3. En camións de caixa aberta, onde debe situarse a carga para reducir a resistencia do aire?

- a) Na parte traseira da caixa.
- b) Na parte dianteira da caixa.
- c) O máis centrada posible na caixa.
- d) O máis elevada posible.

4. Como se denomina o vehículo concibido para ser remolcado por un vehículo de motor?

- a) Vehículo articulado.
- b) Tractocamión.
- c) Tren de estrada.
- d) Remolque.

5. Como se denomina habitualmente o transporte de mercadorías por conta allea?

- a) Transporte público.
- b) Transporte común.
- c) Transporte privado.
- d) Transporte alugado.

6. Na identificación dos pneumáticos debe figurar:

- a) a aceleración máxima.
- b) a composición química do material utilizado.
- c) o diámetro interior en polgadas.
- d) a enerxía mecánica necesaria para frear.

7. O sistema de transporte intermodal ROLL/ON-ROLL/OFF é un transporte:

- a) estrada/barco.
- b) estrada/ferrocarril.
- c) estrada/avión.
- d) tren/avión.

8. Como se denomina a comprobación periódica que realiza a Administración do mantemento, por parte do transportista, dos requisitos para ser titular da autorización de transporte?

- a) Revisión periódica.
- b) Visado.
- c) Revista periódica.
- d) Certificación periódica.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. O arrendamento de vehículos sen condutor para a realización de transporte de mercadorías por estrada:

- a) é unha actividade mercantil non contemplada nas normas que regulan a ordenación do transporte por estrada.
- b) unicamente pódese realizar se á vez se arrendan as autorizacións de transporte que amparan os devanditos vehículos.
- c) é unha actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- d) Só se poden arrendar vehículos para realizar transportes privados de mercadorías.

10. O permiso da clase C implica a concesión do permiso...

- a) da clase C1.
- b) da clase B.
- c) da clase A.
- d) da clase P.

11. O acordo internacional denominado ATP:

- a) refírese ao transporte de persoas con mobilidade reducida.
- b) refírese ao transporte de mercadorías perecedoiras.
- c) refírese ao transporte combinado estrada - ferrocarril.
- d) é un acordo aduaneiro para mercadorías en tránsito.

12. Que clase de autorizacións permiten o exercicio de actividades complementarias do transporte?

- a) A autorización de clase EC, para o exercicio da actividade de estacións de mercadorías e centros loxísticos.
- b) A autorización de clase AD, para o exercicio da actividade de almacenista-distribuidor de mercadorías en carga fraccionada.
- c) A autorización de clase TT, para o exercicio da actividade de transitario.
- d) A autorización de clase OT.

13. Como se denomina a acción que sucede ao frear cando parte do peso que soporta o eixo traseiro dun camión pasa cara adiante?

- a) Desprazamento de masas.
- b) Forza de molaridade.
- c) Forza atemporal.
- d) Abalo.

14. Os vehículos transpórtanse en:

- a) contedores.
- b) cisternas.
- c) capitones.
- d) portavehículos.

15. A sobrecarga dalgún dos eixos dun camión:

- a) non pode danar o eixo de dirección.
- b) non pode danar aos pneumáticos.
- c) non afecta á tracción.
- d) provoca efectos negativos na conducción e seguridade do vehículo.

16. Que capacidade financeira se require acreditar para obter unha autorización de transporte público de mercadorías?

- a) 5.000 euros por cada vehículo autorizado.
- b) 9.000 euros por cada vehículo autorizado.
- c) 5.000 euros polo primeiro vehículo autorizado e 9.000 máis por cada vehículo adicional.
- d) 9.000 euros polo primeiro vehículo autorizado e 5.000 máis por cada vehículo adicional.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. A resistencia do aire actúa sempre:

- a) no mesmo sentido que a traxectoria do camiión.
- b) en sentido perpendicular á forza motriz.
- c) en sentido oblicuo á súa traxectoria.
- d) en sentido oposto ao movemento do camiión.

18. Cal é o vehículo característico das mudanzas?

- a) Vehículo gaiola.
- b) Portavehículos.
- c) Capitoné.
- d) Portacontedores.

19. Que función, entre outras, ten a suspensión dun camiión?

- a) Permitir o emprego de compostos máis brandos que proporcionen unha menor adherencia.
- b) Controlar a xeración de calor asociada á deformación.
- c) Moderar a velocidade do vehículo.
- d) Evitar que todas as imperfeccións do terreo se transmitan dentro do habitáculo.

20. En que momento se produce o esvaramento dun pneumático?

- a) Cando chove moito.
- b) Cando a velocidade angular ou de xiro da roda non coincide coa velocidade lineal do camiión.
- c) Cando a velocidade angular ou de xiro da roda coincide coa velocidade lineal do camiión.
- d) Cando está a nevar.

21. No transporte de mercadorías perigosas, que identifican os números ONU?

- a) Identifican á mercadoría.
- b) identifican o transporte como de mercadorías perigosas.
- c) Identifican o tipo de vehículo.
- d) Identifican o tipo de permiso do condutor.

22. Que permisos de conducir expedidos noutros Estados teñen plena validez en España?

- a) Só os expedidos en Francia.
- b) Os expedidos nos Estados da Unión Europea, Islandia, Liechtenstein e Noruega.
- c) Só os expedidos en Portugal, Suíza, Liechtenstein e Noruega.
- d) Ningún.

23. Que é o RIMP?

- a) Rede de itinerarios para mercadorías perigosas.
- b) Rede internacional para mercadorías perigosas.
- c) Roteiros inspeccionados para mercadorías perigosas.
- d) Roteiros intermodais para mercadorías perigosas.

24. Cales son as funcións propias do xefe de tráfico dunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Planificación da empresa.
- b) Coordinación da empresa.
- c) Adoptar decisións estratéxicas.
- d) Planificar os servizos e roteiros.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. Que funcións realiza o cargador no transporte de mercadorías perigosas por estrada?

- a) Fornece a información adecuada ao resto dos participantes para que leven a cabo as súas actuacións.
- b) Escolle o vehículo e condutor adecuados para o transporte.
- c) Acepta a mercadoría e verifica que, despois da descarga, cúmprese a normativa.
- d) É o responsable das operacións de carga do vehículo e está obrigado a realizar comprobacións antes, durante e despois da carga.

26. Dos elementos técnicos que se citan, cal contribúe na seguridade activa dos vehículos?

- a) O sistema antibloqueo de freos (ABS).
- b) O control de tracción e desestabilidade (ASP e ECS).
- c) O control electrónico de aceleración (EPS).
- d) Os repousacabezas.

27. Nos accidentes de traballo no transporte, que mala práctica está asociada directamente coas lesións oculares?

- a) Limpeza de cisternas ou da caixa do vehículo en condicións inadecuadas, sobre todo se contiveron mercadorías perigosas.
- b) Posición de traballo incorrecta.
- c) Ferramentas pouco apropiadas para a tarefa.
- d) Ferramentas defectuosas ou desgastadas.

28. Segundo o ADR, realizarase un ensaio de estanqueidad do depósito co equipo, así como unha verificación do bo funcionamento deste polo menos cada:

- a) 4 anos.
- b) 3 anos.
- c) 5 anos.
- d) 6 anos.

29. Que empresas transportistas poden incorrer en responsabilidade por incumprir as obrigacións que lles impón a normativa vixente en materia de estranxeiría?

- a) As de transporte aéreo e marítimo, exclusivamente.
- b) As de transporte aéreo, marítimo e terrestre.
- c) As de transporte marítimo e ferroviario, exclusivamente.
- d) Soamente as de transporte aéreo que teñan forma de sociedade anónima.

30. Cun vehículo moi cargado...

- a) aumenta o consumo de carburante.
- b) mellora o coeficiente aerodinámico.
- c) a distancia de freado diminúe.
- d) debe circularse moi lentamente.

31. Na frecuencia coa que debe substituírse o aceite do sistema de lubricación, inflúe o tipo de aceite utilizado?

- a) Non.
- b) Si, debe substituírse con máis frecuencia o aceite sintético.
- c) Si, debe substituírse con máis frecuencia o aceite mineral.
- d) Si, debe substituírse con máis frecuencia o aceite de baixa densidade.

32. Cal destas afirmacións é incorrecta?

- a) Unha postura de traballo inadecuada pode acabar producindo danos físicos.
- b) Débese facilitar a alternancia entre tarefas de traballo en posición sentado e tarefas de traballo en posición de pé.
- c) A mellor postura de traballo é aquela que permite a maior eficacia coa máxima presenza de fatiga.
- d) Se se obriga a adopción dunha soa postura de traballo, é preferible a posición sentada.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Que actuación é inadecuada para reducir o consumo de carburante dun automóbil?

- a) Deixar de acelerar con suficiente antelación deixando rodar o vehículo.
- b) Aumentar o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
- c) Utilizar a relación de marchas máis alta posible de forma que a agulla do contarrevolucions se mantéña na zona de máxima eficiencia do motor, xeralmente unha zona marcada de cor verde.
- d) Evitar aceleracións e freadas bruscas.

34. Cando deben estar acendidas as luces traseiras de posición?

- a) Sempre.
- b) Cando sexa obrigatorio levar acendidas as luces de posición dianteiras.
- c) Sempre que estean acendidas as luces indicadoras de dirección.
- d) En ningún caso.

35. Que factor inflúe no consumo de carburante?

- a) O tipo de freo que monte o vehículo.
- b) A porcentaxe de anticongelante que posúa o líquido do sistema de refrixeración.
- c) A presión de inflado dos pneumáticos.
- d) A situación das rodas motrices.

36. Que risco para a conducción aumenta cando aparece o xeo na calzada?

- a) Perda de adherencia.
- b) Perda de visibilidade
- c) Desprazamento ou envorco.
- d) Zonas asolagadas.

37. É necesario posuír permiso de conducción para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do Certificado de Aptitude Profesional acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria?

- a) Non é necesario.
- b) Si, é necesario.
- c) Si, é necesario, nalgunhas ocasións.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

38. O par motor mídese en...

- a) cabalos de vapor (CV).
- b) cabalos fiscais CF).
- c) newton - metro (Nm).
- d) quilómetros por hora (km/h).

39. Cal é a función da cadea cinemática do vehículo?

- a) Proporcionar seguridade ao vehículo mentres está en movemento.
- b) Proporcionar forza de tracción e empuxe para realizar o desprazamento do vehículo.
- c) Fornecer combustible ao motor mentres o vehículo está en movemento.
- d) Proporcionar forza de freado para evitar o desprazamento do vehículo.

40. Cal das seguintes penas está prevista para os delitos contra a seguridade viaria?

- a) Traballos forzados.
- b) Privación de liberdade.
- c) Embargo da casa.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. Coa formación obrigatoria dos condutores preténdese conseguir:

- a) que os condutores poidan responder ás novas esixencias orixinadas pola evolución do sector.
- b) que os condutores respondan as esixencias dos empresarios en canto a horas de condución.
- c) que as empresas obteñan mais beneficios.
- d) que os estados deixen de realizar inspeccións na estrada.

42. Se unha caixa de velocidades posúe un convertidor de par, un planetario de engrenaxes satélites e un mecanismo de mando hidráulico, que tipo de caixa de cambio é?

- a) Unha caixa de cambio manual de toma constante.
- b) Unha caixa de cambio manual de toma variable.
- c) Unha caixa de cambio automática.
- d) Unha caixa de cambio manual por mecanismo de fricción.

43. Para a comparecencia ante unha Xunta Arbitral de Transporte:

- a) non é necesaria a presenza de avogado e procurador.
- b) é necesaria a presenza de avogado, pero non a do procurador.
- c) é necesaria a presenza dun procurador, pero non a presenza de avogado.
- d) é necesaria a presenza de avogado e procurador.

44. A aplicación dos coñecementos ergonómicos ao ámbito do traballo é fundamental para:

- a) utilizar as ferramentas con soltura.
- b) case nada.
- c) protexernos dos accidentes máis economicamente.
- d) a prevención de problemas de saúde.

45. Como se chama a propiedade que describe a maior ou menor facilidade dun aceite para pasar polas canalizacións?

- a) Estabilidade.
- b) Adherencia.
- c) Deterxencia.
- d) Viscosidade.

46. A distancia de seguridade que se manteña co vehículo que precede cando se vai conducindo, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si, porque unha distancia de seguridade curta fai que os imprevistos se observen antes.
- b) Si, porque unha maior distancia de seguridade permite realizar, en caso necesario, unha redución de velocidade máis progresiva.
- c) Non, a distancia de seguridade só inflúe nos accidentes.
- d) Si, en vías interurbanas, pero non en vías urbanas.

47. O par mínimo dun motor prodúcese...

- a) ao ralentí.
- b) ao máximo de revolucións.
- c) a un réxime medio de revolucións.
- d) canto máis cheo de gases se atope o cilindro.

48. Cal dos seguinte distintivos é o que está formado por un cadrado con fondo de cor branca e as siglas correspondentes ao tipo de vehículo autorizado en cor azul escura?

- a) Placa de vehículo lento.
- b) Distintivo de nacionalidade española.
- c) Distintivo de transporte de mercadorías percedoiras.
- d) Placa de servizo público.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. Cando se produce a deriva do pneumático?

- a) Cando este non se pode utilizar máis.
- b) Cando existe unha falta de adherencia.
- c) Cando se produce a variación da traxectoria rexistrada como consecuencia da deformación do flanco do pneumático.
- d) Cando se produce unha derrapaxe.

50. As causas dos incendios nos vehículos adoitan estar relacionadas con:

- a) circuitos eléctricos dos vehículos en mal estado.
- b) fugas de combustible.
- c) quecemento do motor.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

51. O airbag é un mecanismo de seguridade...

- a) activa.
- b) pasiva.
- c) tanto activa como pasiva.
- d) Non é un mecanismo de seguridade, senón de emerxencia.

52. Que marca viaria delimita os lugares ou zonas de estacionamento?

- a) As liñas e marcas de estacionamento.
- b) Un cebreado.
- c) A liña de bordo de calzada.
- d) A marca de comezo de carril reservado.

53. Para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado débense coñecer os factores que inflúen nel. Entre estes factores atópase:

- a) o sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- b) o perfil da estrada, o número de revolucións do motor e a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.
- c) o tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.
- d) o tipo de buxías que monte: frías ou quentes.

54. Dos seguintes elementos do vehículo, cal forma parte do retardador hidráulico?

- a) O bombín de freo.
- b) A leva de freo.
- c) O compresor.
- d) O estátor fixo.

55. Cal é unha enfermidade profesional recoñecida no sector transporte?

- a) Xordeira provocada polo ruído.
- b) Enfermidades osteoarticulares por vibracións mecánicas.
- c) Derrames cerebrais.
- d) As resposta A e B son correctas.

56. Nun motor de combustión, a culata...

- a) atópase debaixo do cárter.
- b) pecha o motor pola parte superior.
- c) tapa os elementos da distribución.
- d) únese ao cárter por medio da xunta da culata.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. Por medio de que elemento se acciona un embrague de fricción en seco?

- a) Por medio dunha manivela.
- b) Por medio dun botón-pulsador.
- c) Por medio dun pedal.
- d) Por medio dunha chave de xiro.

58. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) do motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- b) da presión dos pneumáticos e a posición do pedal do acelerador.
- c) da posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- d) do tipo de batería e da relación de marchas seleccionada.

59. Para evitar que apareza o efecto fading, ao baixar pendentos descententes, que se deberá facer?

- a) Manter pisado fortemente o pedal do freo.
- b) Poñer punto morto.
- c) Parar o motor.
- d) Facer uso do ralentizador.

60. Que figura na placa de características dunha cisterna?

- a) O ano de construción.
- b) O número de aprobación.
- c) A presión de proba.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

61. Se cos pneumáticos quentes comproba a presión de inflado, o manómetro marcará unha presión...

- a) maior que en frío.
- b) menor que en frío.
- c) igual que en frío.
- d) que fluctuará dependendo de que o pneumático sexa do lado dereito ou do lado esquerdo.

62. Se a converxencia das rodas dianteiras non é a adecuada...

- a) diminúe o consumo.
- b) aumenta a adherencia.
- c) o pneumático desgástase de forma inadecuada.
- d) redúcese o desgaste do pneumático.

63. A auga vertida sobre o foco dun incendio actúa por:

- a) dilución do osíxeno.
- b) sufocación do lume.
- c) arrefriado da temperatura.
- d) osixenación.

64. Cal é o trastorno máis común que pode aparecer se non está ben deseñado o asento do condutor?

- a) Dor de cabeza.
- b) Lumbalxia.
- c) Tendinite.
- d) Luxación.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. Das seguintes actuacións, cal non está recollida de forma xeral no modelo de instrucións escritas para o caso dun accidente ou avaría que supoña a paralización do vehículo?

- a) Evitar a inhalación de gases.
- b) Colocar os sinais de advertencia autoportantes como sexa apropiado.
- c) Non fumar.
- d) Andar sobre as materias derramadas.

66. Xeralmente, a unión da árbore de transmisión co eixo secundario da caixa de velocidades e co grupo cónico realízase mediante...

- a) xuntas cardan.
- b) silentblocks.
- c) tacos de goma.
- d) tacos de caucho.

67. Que é a desmultiplicación da dirección?

- a) O total de cambios de dirección que realizan as rodas ao tomar unha curva.
- b) Os movementos de volante que o condutor efectúa ao tomar unha curva.
- c) A diferenza do manexo de volante segundo a velocidade do vehículo e o trazado da vía.
- d) A relación entre o xiro do volante e o cambio de dirección das rodas.

68. Se un vehículo dispón dun sistema antipatinaxe de rodas ASR, deberá ter tamén un sistema de freos ABS?

- a) Non necesariamente xa que ambos sistemas son independentes.
- b) Non, xa que ambos sistemas son incompatibles.
- c) Si, xa que o calculador do ABS manexa tamén o ASR.
- d) É indiferente.

69. Por razóns de seguridade, ao baixar pendentes descendentes cun vehículo pesado é conveniente...

- a) reter o vehículo facendo uso do freo de servizo e de estacionamento simultaneamente.
- b) parar o motor para aumentar o efecto do servofreno.
- c) utilizar o freo de servizo e, cando estea próximo a producirse o efecto fading, facer uso do ralentizador.
- d) facer uso do ralentizador e, en caso necesario, do freo de servizo.

70. Para evitar que apareza o efecto fading:

- a) débese abrir a válvula de 3 vías.
- b) non se debe facer nada.
- c) débese actuar sobre os ralentizadores de que dispoña o vehículo.
- d) débese manter a velocidade constante.

71. Como deben ser as comidas durante os días de condución?

- a) Varias comidas e lixeiras.
- b) Varias comidas e abundantes.
- c) Poucas comidas e lixeiras.
- d) Poucas comidas e abundantes.

72. Segundo o Regulamento da Unión Europea relativo á homologación de tipo de pneumáticos de nova fabricación, os pneumáticos clasifícanse en tres categorías. Cales son?

- a) M1, M2 e M3.
- b) N1, N2 e N3.
- c) O1, O2 e O3.
- d) C1, C2 e C3.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. Que factor non ten influencia no consumo de carburante?

- a) A situación do dámper.
- b) A presión dos pneumáticos.
- c) A posición do pedal do acelerador.
- d) O perfil da estrada.

74. Os dispositivos que indican que o vehículo transporta mercadorías perigosas, de que cores son?

- a) De fondo de cor amarela con bordos e números de cor branca.
- b) De fondo de cor laranxa con bordos e números de cor negra.
- c) De fondo de cor amarela con bordos e números de cor negra.
- d) De fondo de cor laranxa con bordos e números de cor branca.

75. Unha das principais funcións das rodas é:

- a) reducir o coeficiente aerodinámico.
- b) reducir a resistencia do vehículo ao ambiente.
- c) converter o movemento de xiro en avance.
- d) incrementar a enerxía potencial.

76. Que característica, entre outras, vai definir no contarrevolucións dun automóbil a zona económica do motor?

- a) A relación de compresión.
- b) O tamaño do embrague.
- c) O consumo específico.
- d) O tamaño do volante de inercia.

77. Se fose necesario repoñer aceite porque o nivel do aceite do sistema de lubricación fose baixo, por onde se botaría o aceite?

- a) Polo buraco da balea medidora.
- b) Polo tapón situado no cárter.
- c) Por un tapón situado na tapa de balancines.
- d) Por un tapón situado no bloque motor.

78. Que ten que coñecer o condutor para realizar correctamente unha inspección visual e unha serie de controis básicos antes de cada xornada?

- a) As prestacións e o consumo específico do seu vehículo.
- b) Onde ten que mirar e que debe ver, para asegurarse de que os elementos importantes que afectan á circulación funcionan correctamente.
- c) Cada canto tempo debe levar o vehículo ao taller para unha revisión.
- d) Nada, non é necesario ningún coñecemento previo.

79. Ante unha situación de emerxencia, cal debería ser un dos obxectivos principais das actuacións do condutor?

- a) Sempre se debe conservar a calma.
- b) As actuacións deben ter como primeiro obxectivo a preservación da seguridade de todas aquelas persoas que poidan verse afectadas (pasaxeiros, restos de usuarios da vía...).
- c) As actuacións non poden incrementar o desconcerto e a angustia dos afectados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

80. Unha marca transversal descontinua é:

- a) unha liña continua disposta ao ancho dun ou varios carrís.
- b) unha liña descontinua disposta ao ancho dun ou varios carrís.
- c) unha liña descontinua disposta ao alto dun ou varios carrís.
- d) unha liña continua disposta ao alto dun ou varios carrís.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. Que factores externos ao condutor afectan á atención e poden producir distraccións?

- a) Fatiga e somnolencia.
- b) Idade avanzada.
- c) Estados psicolóxicos transitorios.
- d) Temperatura interior do vehículo.

82. Nos automóviles cun sistema de refrixeración selado, a comprobación do nivel do líquido refrixerante realizarase...

- a) no radiador.
- b) no vaso de expansión.
- c) no bloque.
- d) na culata.

83. O condutor dun vehículo aproxímase a unha intersección regulada cun semáforo que se atopa en vermello polo que deixa de acelerar antes de chegar. É correcto o seu comportamento?

- a) Non, porque ao deixar rodar o vehículo sen acelerar aínda que se reduce o consumo aumentan os desgastes nos freos.
- b) Non, porque ao deixar rodar o vehículo sen acelerar, aínda que se reduce a contaminación atmosférica, aumentan os desgastes na transmisión.
- c) Si, porque aproveita a inercia do vehículo.
- d) Só se tamén pisa o pedal do embrague.

84. As normas xurídicas que regulan a circulación e a seguridade viaria inspíranse nunha serie de principios entre os cales está:

- a) o principio de confianza.
- b) o principio de igualdade.
- c) o principio de solidariedade.
- d) o principio de hexemonía.

85. Un condutor leva acumuladas 50 horas de condución unha semana, cantas horas máis pode facer esa semana segundo a regulamentación social europea?

- a) 10 horas máis.
- b) Todas as que queira.
- c) 6 horas máis.
- d) 2 horas máis.

86. Cal é o accidente laboral máis frecuente que se pode producir como consecuencia dun mantemento incorrecto dos sistemas de amortiguación?

- a) Caídas de persoas a distinto nivel.
- b) Atropelos por vehículos.
- c) Exposición continuada a vibracións.
- d) Caídas de persoas ao mesmo nivel.

87. Cando debe o condutor colocar o disco-diagrama ou folla de rexistro no tacógrafo?

- a) Sempre que se faga cargo dun vehículo, aínda que leve instalado un tacógrafo dixital.
- b) Ao facerse cargo do vehículo en caso de levar instalado un tacógrafo analóxico.
- c) Só o primeiro día da semana.
- d) Só cando utilice por primeira vez un vehículo.

88. Cando se expide a tarxeta de cualificación?

- a) Unha vez superado o exame que acredite a cualificación inicial ou despois de superar o curso de formación continua.
- b) Soamente se se supera o exame.
- c) Soamente cando se termina o curso de formación continua.
- d) Non se outorga nunca.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, o límite dos importes da cobertura do seguro obrigatorio serán, nos danos ás persoas, de:

- a) 350.000 euros por vítima.
- b) 250.000 euros por vítima.
- c) 10 millóns de euros calquera que sexa o número de vítimas.
- d) 70 millóns de euros por sinistro calquera que sexa o número de vítimas.

90. Se un condutor non colabora e négase a entregar a documentación requirida polos axentes encargados dun control na estrada está a cometer unha infracción:

- a) de obstrución ao labor inspector.
- b) de colaboración coa empresa.
- c) de imprudencia.
- d) de descanso diario.

91. Un triángulo marcado sobre a calzada co vértice oposto á beira menor e dirixido cara ao vehículo que se achega, a que marca viaria corresponde?

- a) A un stop.
- b) A un ceda ao paso.
- c) A unha marca de paso para peóns.
- d) A unha marca transversal continua.

92. Que son enfermidades profesionais?

- a) Aquelas que presentan relación cunha determinada rama de actividade.
- b) Aquelas que teñen un nivel baixo de ocorrencia entre os traballadores dunha rama de actividade.
- c) Aquelas que teñen un nivel alto de ocorrencia entre os traballadores dunha rama de actividade.
- d) As respostas A e C son correctas.

93. É normal que un motor en bo estado consuma algo de aceite?

- a) Non, se un motor está en bo estado non consumirá nada de aceite.
- b) Si, porque sempre se escapa algo de aceite polas xuntas do circuíto de lubricación.
- c) Si, porque sempre se queima unha certa cantidade do aceite que está nos cilindros e pistones co combustible na cámara de compresión.
- d) Si, porque o aceite está a unhas presións moi altas no circuíto de lubricación.

94. Os condutores de vehículos non prioritarios só poderán realizar advertencias acústicas...

- a) para evitar un posible accidente e, de modo especial, en vías estreitas con moitas curvas.
- b) cando se celebre un acontecemento deportivo.
- c) cando se teña présa.
- d) cando se teña a intención de saltarse un semáforo.

95. Cal é a causa dun desgaste concentrado nunha zona do pneumático?

- a) O bloqueo por freada brusca.
- b) A falta de presión de inflado.
- c) A mala aliñación das rodas.
- d) A amortiguación en mal estado.

96. Se a batería dun automóbil é das chamadas con mantemento, cando comprobe o nivel do electrolito debe saber que...

- a) será correcto cando estea a cubrir as placas de chumbo.
- b) será correcto cando se atope entre o máximo e o mínimo.
- c) non é necesario comprobar o nivel xa que nestas baterías o líquido non se pode evaporar.
- d) se o nivel está baixo deberase repoñer acedo sulfúrico.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. Ao accionar o ralentizador, vense freadas...

- a) todas as rodas.
- b) sempre as rodas dianteiras.
- c) sempre as rodas directrices.
- d) só as rodas motrices.

98. Xeralmente, cal é a zona máis fráxil dun pneumático de estrutura radial?

- a) A banda de rodadura.
- b) Os ombreiros.
- c) Os flancos.
- d) Os talóns.

99. Nun motor de combustión correctamente regrado, durante o ciclo práctico, a inxección do carburante comeza:

- a) cando o pistón se atopa exactamente no punto morto superior.
- b) un pouco despois de que o pistón pase polo punto morto superior.
- c) un pouco antes de que o pistón chegue ao momento morto inferior.
- d) un pouco antes de que o pistón chegue ao momento morto superior.

100. Nos vehículos que transportan mercadorías perigosas, como se deben colocar os paneis laranxa?

- a) Dous paneis na traseira do vehículo.
- b) Dous na parte traseira e un na dianteira.
- c) Un na parte traseira e outro na dianteira.
- d) Dous na parte dianteira e dous na parte traseira.

Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Segundo as condicións xerais de contratación, no caso de combustibles para uso doméstico, a quen corresponde efectuar a súa descarga?

- a) Ao cargador.
- b) Ao destinatario.
- c) Ao carrexador.
- d) Ao expedidor.

102. Unha presión de inflado excesiva nos pneumáticos ocasionará...

- a) unha maior probabilidade de rebentar ao circular por maior xeración de calor.
- b) un desgaste desigual, maior no centro da banda de rodadura.
- c) un desgaste desigual, maior nos ombreiros do pneumático.
- d) un perfecto desgaste.

103. Unha utilización adecuada da caixa de velocidades:

- a) permite evitar as turbulencias.
- b) fai que o motor xire sempre dentro da zona económica.
- c) mellora a velocidade, pero prexudica ao consumo.
- d) aumenta o coeficiente aerodinámico.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 03-11-2021 16:30 h

96. Si la batería de un automóvil es de las llamadas con mantenimiento, cuando compruebe el nivel del electrolito debe saber que...

- a) será correcto cuando esté cubriendo las placas de plomo.
- b) será correcto cuando se encuentre entre el máximo y el mínimo.
- c) no es necesario comprobar el nivel ya que en estas baterías el líquido no se puede evaporar.
- d) si el nivel está bajo se deberá reponer ácido sulfúrico.

97. Al accionar el ralentizador, se ven frenadas...

- a) todas las ruedas.
- b) siempre las ruedas delanteras.
- c) siempre las ruedas directrices.
- d) sólo las ruedas motrices.

98. Generalmente, ¿cuál es la zona más frágil de un neumático de estructura radial?

- a) La banda de rodadura.
- b) Los hombros.
- c) Los flancos.
- d) Los talones.

99. En un motor de combustión correctamente reglado, durante el ciclo práctico, la inyección del carburante comienza:

- a) cuando el pistón se encuentra exactamente en el punto muerto superior.
- b) un poco después de que el pistón pase por el punto muerto superior.
- c) un poco antes de que el pistón llegue al punto muerto inferior.
- d) un poco antes de que el pistón llegue al punto muerto superior.

100. En los vehículos que transportan mercancías peligrosas, ¿cómo se deben colocar los paneles naranja?

- a) Dos paneles en la trasera del vehículo.
- b) Dos en la parte trasera y uno en la delantera.
- c) Uno en la parte trasera y otro en la delantera.
- d) Dos en la parte delantera y dos en la parte trasera.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. Según las condiciones generales de contratación, en el caso de combustibles para uso doméstico, ¿a quién corresponde efectuar su descarga?

- a) Al cargador.
- b) Al destinatario.
- c) Al porteador.
- d) Al expedidor.

102. Una presión de inflado excesiva en los neumáticos ocasionará...

- a) una mayor probabilidad de reventar al circular por mayor generación de calor.
- b) un desgaste desigual, mayor en el centro de la banda de rodadura.
- c) un desgaste desigual, mayor en los hombros del neumático.
- d) un perfecto desgaste.

103. Una utilización adecuada de la caja de velocidades:

- a) permite evitar las turbulencias.
- b) hace que el motor gire siempre dentro de la zona económica.
- c) mejora la velocidad, pero perjudica al consumo.
- d) aumenta el coeficiente aerodinámico.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 03-11-2021 16:30 h

